

Por terras do

Xallas e Pondal

Esta que se propón é unha viaxe pequena pero intensa, aventura dun día por un territorio pouco transitado e escasamente retratado, pero que existe e que conserva un patrimonio rico, rodeado dun aquilo de misterio, en particular neses días de borraqueira que dilúe a extensión do tempo, cando os ecos prolongan as distancias. Viaxe para coñecer algunha das paisaxes máis singulares do país, ben pola súa grandeza, ben por simbolizar a derrota da natureza a mans do home. O percorrido inclúe terras de cinco concellos: Vimianzo, Zas, Mazaricos, Dumbría e Carnota, aínda que o percorrido principal transcorre polas terras de Mazaricos e Dumbría.





FRANCISCO X. FERNÁNDEZ NAVAL

Autor de varios libros de viaxe e guías,
pomos en destaque “Unha viaxe á
procura do solpor, do Tambre ó cabo do
fin do mundo”

Pondal atopou na toponimia

deste territorio a forza que buscaba para nomear a algúns dos seus heroes: Maroñas, Brandomil, Brandoñas, Carnota; pero ademais, se nos acompañamos dun libro seu, poderemos ler poemas ás terras do Xallas en calquera outeiro que domine o río ou nalgún piñeiral que acolla corvos vagarosos e feros. Tamén os mazaricos, ave limícola que dá nome a concello, gozan de poema: *¡Ouh!, mazarico que cantas/ No jungal vougo e sombrizo...*

Baixa confiado o Xallas desde a Ponte Olveira, buscando o seu destino de río, de río singular no seu caso, por desembocar en ferverza e cadoiro, salferindo de escumas as ladeiras graníticas do Pedregal do Pindo. Non sospeita que chegando a Santa Uxía, logo de alimentar a devesa de Anllares, o seu non será o feliz destino da consumación, senón unha condena, xa que non verá cumprido o afán de se atopar co mar e mergullar nas ondas e no sal. Seco logo do encoro de Santa Uxía, o Xallas deixa de ser río e toda a grandeza descrita por

viaxeiros non é hoxe máis que memoria, lenda, un mito máis dun país que perde referencias. Porén, achegarse ao Ézaro e soñar co que foi e xa non é, sentindo a forza da masa granítica que emerxe sen dúbidas agatuando polo aire e formando o macizo do Pindo, é unha recomendábel experiencia.

A proposta de viaxe nace na estrada que A Coruña-Fisterra, no cruce de Berdoias, xunto á igrexa de San Pedro, coas súas inscricións nas paredes do templo e no muro do adro. Desde alí avanzamos pola estrada que desde a igrexa conduce á encrucillada da Pereira. É importante, antes de proseguir a ruta, pasear a aldea de Berdoias, reparando nas pedras escritas dos linteis das casas vellas, na feitura dos hórreos e, continuando a rúa, que axiña é camiño entre praderías, chegar á casota de Berdoias, tamén coñecido como Caseta dos Mouros ou dolmen de Freás. Non é exactamente un dolmen, senón unha furna funeraria composta de tres chantas e unha tampa. No interior e sobre unha das grandes laxes obsérvan-

se unha serie de covañas que alguén interpretou como a representación dalgunha das constelacións que dominan o ceo destes páramos.

Retomando a estrada, chégase a Baiñas e no cruce á dereita, logo de medio quilómetro en dirección a Oliveira, ao pé dunha casa á esquerda que domina un cambio de rasante, tomamos unha pista de terra para buscar o dolmen de Baiñas ou Casa dos Mouros. Deixando á esquerda un muíño no medio dun prado e ascendendo a costa, chegamos ó dolmen, grande, fermoso, situado debaixo da liña de alta tensión que nos servirá de referencia.

Regresando á estrada da Pereira, pola dereita, pódese apreciar a parte traseira do encoro da Fervenza, con importante festa no verán, pero imos cara a Brandomil, ponte singular situada baixo un castro. Por aquí pasaba o camiño tradicional de Fisterra e Muxía a Compostela e por aquí cruzaba o río Pondal. É posible que existise unha ponte primitiva anterior á actual e vencellada ao castro. O que vemos é o resultado dunha actuación realizada no século XVI sobre a ponte medieval e unha restauración recente.

Desde a Pereira tómase a estrada en dirección a Muros e, é preciso ir atentos para, unha vez pasado Maroñas, xusto no cruce que á esquerda colle para Eirón, deixar o coche ó pé dunha casa que foi branca, soa en medio da paisaxe, e camiñando uns metros polo carreiro que baixa á dereita, chegar ao dolmen da Mina da Parxubeira, ben estudado por Rodríguez Casal e que formaba parte dunha necrópole composta por outras tres mámoas máis, orientadas con esta na dirección este-oeste. A lenda prohibía pisar dentro, existindo a crenza de que había alí enterrado un tesouro. Nos traballos arqueolóxicos aquí realizados, atopáronse varios ídolos, hoxe gardados no museo arqueolóxico da Coruña.

En Pino do Val, tomando a estrada da dereita, chégase á Picota, capital do concello, pero para aqueles que gustan de recunchos perdidos, convidalos antes a descenderen pola estrada que conduce á Serra de Outes, parando na ermida de Santa Leocadia, cos seus



Dolmen da mina da Parxubeira

galos no campanario e, sobre todo, co secreto recuncho da fervenza, situada logo do pequeno bosque de carballos, lugar que lembra ós que frecuentaría Prisciliano cos seus primitivos cristiáns.

De novo a Picota, bo lugar para xantar. Indicar que o nome fai referencia a que era lugar de axustizar, elixido polos franceses para dar morte aos veciños da contorna que se ergueron contra eles e que foron derrotados na batalla de Corcubión que tivo lugar no mes de abril de 1809. Beba, que tamén ten poema pondaliano, conserva un galano para o viaxeiro curioso, trátase dunha pequena fiestra románica na ábsida da igrexa, pero non convén anoxarse en exceso pola porta da fachada.

Hai que recuperar a estrada a Muros e chegados ás Paxareiras, seguir unha indicación que advirte da Virxe do Monte, fermosa ermida no corazón dun bosque escuro, á que se accede por unha pista de terra, as máis das veces eludindo cabalos salvaxes. Se é posible acceder ao interior, poderase apreciar un fermoso retablo barroco en pedra.

De novo nas Paxareiras, diante do parque dos viraventos, tomamos a estrada da dereita até chegarmos a Arcos, continuando até o encoro de Santa Uxía, construción na que participou o escritor e enxeñeiro Juan Benet. Paisaxes abraiantes ao pé do Pedregal, coa presenza permanente de Penafiel, o monte excomulgado, acompañan o viaxeiro até o miradoiro que, situado sobre o cadoiro, permite gozar dunha visión única de monte, río e mar que se abre diante da Foz de Carnota. Boa viaxe ■



Guerreiro vixiando, O Pindo



Desembocadura do río Xallas desde O Pindo